



## **A APDR VALORA MOI NEGATIVAMENTE A MODIFICACIÓN DA LEI DE COSTAS**

En xuntanza celebrada onte mércores 18 de xullo, a directiva da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) vén de facer valoración da proposta de modificación da Lei de Costas presentada o venres pasado polo goberno central e que afecta de forma importante á protección do litoral galego. Unha valoración que, por forza, ten que ser moi negativa.

En primeiro lugar, debemos indicar que para a APDR –e á espera de que se publique o texto definitivo da antedita modificación da Lei- esta decisión do goberno do PP é un importante retroceso na política de protección do litoral e do medio ambiente en xeral, unha protección que tiña na Lei de Costas unha das mellores garantías. Lonxe de limitarse a unha medida de protección dos núcleos de poboación tradicionais, unha medida que temos reivindicado na nosa asociación, supón de feito un perigoso paso cara á privatización do litoral, á súa urbanización e –en definitiva- á súa destrución.

Polo que afecta á situación futura do complexo CELULOSAS-ELNOSA, queremos expresar a nosa preocupación pola posibilidade que se abre de concederlle unha prórroga de ata 75 anos desde o fin da concesión no 2018, por mais que esta prórroga veña condicionada á emisión dun informe favorábel por parte da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Neste sentido, consideramos que o goberno galego –que vén manifestando por activa e por pasiva a súa posición contraria á permanencia de ENCE e ELNOSA na Ría- non pode permitir agora esta inaceptábel prórroga.

En segundo lugar, e á espera de que se publique o texto definitivo da antedita modificación da Lei e, xa que logo, coa precaución debida ao respecto, a directiva da APDR vén de tomar as seguintes medidas de carácter inmediato:

1º.- solicitar unha entrevista ao Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para coñecer de primeira man a súa posición ao respecto da posíbel prórroga á permanencia do complexo ENCE-ELNOSA en Lourizán.

2º.- convocar unha asemblea aberta a todos os colectivos sociais con implantación na comarca (partidos, sindicatos, asociacións veciñais, culturais, ecoloxistas,...), ás institucións e ás persoas interesadas en participar a título individual, co obxectivo de poñer en común a situación que se presenta no litoral da nosa Ría tras a modificación da Lei.

3º.- facer chegar aos organismos europeos con competencia no terreo da protección do medio ambiente, do litoral costeiro e da calidade das augas que o circundan, a queixa pola situación de desprotección que vai provocar a aplicación desta nova Lei de Costas, requirindo destas autoridades a paralización da modificación que nos ocupa e a chamada de atención aos responsábeis desta agresión medioambiental.

Pontevedra, 19 de xullo de 2012

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo.: Antón Masa, presidente.